



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias novembro 2018

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de novembro do ano 2018 acadou a cifra de 1.009.871 para o total do sistema, o que supón unha diminución respecto ao pasado mes de outubro de 2018 de 3.327 afiliacións (-0,33%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.945.624, rexistrando unha diminución do 0,25% con respecto ao pasado mes de outubro.

Na comparativa interanual (novembro de 2018 con novembro de 2017) obsérvase un incremento de 20.714 afiliacións no total do sistema en Galicia (2,09%), e un incremento do 2,87% (527.868 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de outubro deste ano 2018, rexístranse un aumento das afiliacións en sete comunidades, sendo a Comunitat Valenciana a que rexistra o maior incremento (1,19%). Pola contra, entre as que presentan decrecemento destacan Illes Balears (-15,78%) e La Rioja (-2,76%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en: Madrid, Canarias, Comunitat Valenciana, Canarias e Murcia (todas elas con taxas superiores ao 3,0%). A taxa de variación relativa interanual do conxunto do estado presenta así un valor positivo do 2,87%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA NOVIEMBRE 2018	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.945.624	-47.449	-0,25	527.868	2,87
Galicia	1.009.871	-3.327	-0,33	20.714	2,09
Andalucía	3.053.137	5.078	0,17	82.744	2,79
Aragón	565.783	-2.190	-0,39	12.994	2,35
Asturias	363.597	-316	-0,09	3.263	0,91
Illes Balears	442.514	-82.930	-15,78	11.954	2,78
Canarias	810.263	2.798	0,35	26.324	3,36
Cantabria	216.134	-1.331	-0,61	4.587	2,17
Castilla La Mancha	698.643	-5.894	-0,84	16.905	2,48
Castilla y León	916.378	-9.807	-1,06	13.906	1,54
Cataluña	3.395.284	-613	-0,02	95.247	2,89
Comunitat Valenciana	1.898.475	22.415	1,19	63.586	3,47
Extremadura	392.908	270	0,07	7.314	1,90
Madrid	3.192.639	26.482	0,84	120.668	3,93
Murcia	572.553	4.566	0,80	16.959	3,05
Navarra	283.544	-352	-0,12	7.720	2,80
País Vasco	959.737	1.128	0,12	18.454	1,96
La Rioja	128.014	-3.634	-2,76	2.955	2,36
Ceuta e Melilla	46.151	209	0,45	1.574	3,53

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de novembro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,89%, o que supón 9.885 afiliacións máis, seguida de A Coruña (2,17%) e Lugo (1,19%). A provincia con menor incremento relativo é Ourense, onde se rexistraron 177 afiliacións máis que en novembro de 2017, un incremento relativo do 0,17%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de novembro con respecto ás do mes de outubro de 2018, rexistrouse unha diminución en Galicia do 0,33%. Todas as provincias amosan datos negativos, producíndose o maior descenso en Lugo (-0,72%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA NOVEMBRO 2018	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	433.058	-101	-0,02	9.213	2,17
LUGO	122.133	-883	-0,72	1.439	1,19
OURENSE	102.441	-612	-0,59	177	0,17
PONTEVEDRA	352.239	-1.731	-0,49	9.885	2,89
GALICIA	1.009.871	-3.327	-0,33	20.714	2,09
ESPAÑA	18.945.624	-47.449	-0,25	527.868	2,87


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,9% das afiliacións galegas en novembro de 2018, diminuíron un 0,38% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,06%. En España estas taxas foron do -0,27% con respecto a outubro de 2018 e do 3,20% en relación ao mes de novembro de 2017. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (70,5%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas agás Pontevedra (0,03%). O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,00%. Para este réxime e con respecto ao mes de outubro de 2018, estas taxas son negativas nas catro provincias, co que para o conxunto de Galicia a taxa é do -0,18%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha variación negativa con respecto a outubro de 2018 (-0,14%) e unha variación interanual positiva con respecto a novembro de 2017 (1,35%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a novembro de 2017 son negativas nas tres provincias; o maior descenso rexístrase en Lugo (-3,68%), sendo a taxa galega do -1,00%, inferior ao dato de España (0,75%). No caso das taxas intermensuais (con respecto a outubro de 2018), A Coruña é a única provincia con taxa positiva (0,60%) e a taxa galega amosa un descenso do 0,06% con respecto a outubro de 2018. A taxa nacional é do -1,45%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN NOVEMBRO 2018	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	433.058	-0,02	2,17
LUGO	122.133	-0,72	1,19
OURENSE	102.441	-0,59	0,17
PONTEVEDRA	352.239	-0,49	2,89
GALICIA	1.009.871	-0,33	2,09
ESPAÑA	18.945.624	-0,25	2,87
R. XERAL			
A CORUÑA	340.650	0,00	2,93
LUGO	86.053	-0,90	2,69
OURENSE	78.302	-0,74	1,48
PONTEVEDRA	271.559	-0,58	3,81
GALICIA	776.564	-0,38	3,06
ESPAÑA	15.624.488	-0,27	3,20
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	86.016	-0,18	-0,50
LUGO	34.534	-0,28	-2,15
OURENSE	24.138	-0,11	-3,85
PONTEVEDRA	66.876	-0,16	0,03
GALICIA	211.564	-0,18	-1,00
ESPAÑA	3.254.138	-0,14	1,35
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.392	0,60	-0,95
LUGO	1.546	-0,32	-3,68
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.804	-0,34	-0,71
GALICIA	21.742	-0,06	-1,00
ESPAÑA	64.953	-1,45	0,75

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>